

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA (IFECO), SOBRE O USO DE ESPAZOS NAS CAMPAÑAS DE VACINACIÓN MASIVA CONTRA A COVID-19 DESENVOLVIDAS POLO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral Técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que as partes indicadas formalizaron o 11/10/22 o instrumento convencional citado no encabezamento, que producirá efectos durante un ano, contado a partires da data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración das partes para a utilización futura dos espazos do recinto feiral de IFECO no desenvolvemento do Plan de Vacinación fronte á Covid-19 da Comunidade Autónoma de Galicia. a cesión de uso inclúe os espazos físicos necesarios para a vacinación, para o tránsito e acceso das persoas usuarias, para a almacenaxe e preparación das vacinas, e para o persoal do Servizo Galego de Saúde encargado de administralas.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, de conformidade co Plan de Vacinación establecido, ten como obxectivo principal a vacinación da poboación para reducir a morbilidade e a mortalidade causada pola COVID-19, protexendo especialmente a aqueles grupos máis vulnerables.

Para incrementar a eficacia do plan e chegar ao maior número de persoas posible, habilitáronse puntos de vacinación masiva en lugares con facilidade de acceso, e preparados para acoller gran número de visitantes.

Para tal efecto, os recintos feirais reúnen as condicións necesarias para a finalidade proposta, dada a súa ubicación estratéxica, alta capacidade e infraestruturas dispoñibles.

O artigo 99 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre as mesmas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións contempladas na citada lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios.

Os convenios patrimoniais poden conter cantas estipulacións se estimen necesarias ou convenientes para a ordenación das relacións patrimoniais entre as partes que interveñan, sempre que non fosen contrarias ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

Do mesmo xeito, os artigos 186 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, regula a figura dos convenios patrimoniais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no art 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bon goberno de Galicia, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

